

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO CONCELLO PLENO DO 11.02.2016

No salón de sesións da Casa Consistorial do Concello de Fene (A Coruña), cando son as 09.04 h do 11.02.2016, baixo a presidencia do alcalde Juventino José Trigo Rey, reúnese, en primeira convocatoria, o Pleno do Concello ao obxecto de realizar a sesión extraordinaria convocada para hoxe.

Asistiron os/as concelleiros/as:

Gumersindo Pedro Galego Feal, Rocío Aurora Bértoa Puente, Juan José Franco Casal, Juana Barro Couto, José Andrés Serantes Panceiras, Alejandro Jorge Gutiérrez Sánchez, Ana María Novo Picos, Alejandra Permuy Meizoso, Justo Martínez Ardá, María Manuela Aguilar Prieto, Antón Lois Noceda Carballo, Joaquín Julián Ayala Garrido, Amalia García Balado, César Daniel Castro García, Xoán Manuel Rodríguez Bastida e María del Carmen Martínez Rodríguez

Secretaria:

Estefanía Manteiga Lamas

Interventora:

Marta Roca Naveira

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 90.1 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, declara aberta a sesión e procede ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1. Aprobación, se procede, da proposta de aprobación do proxecto de obra rectificadado de “Renovación de servizos e pavimentos na Avda. das Pías (Estrada FE-14) Fase 2 (marxe dereita)”

Consta no expediente a seguinte Proposta da Alcaldía do 03.02.2016, que copiada di:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

O 17.12.2015 o Pleno do Concello acordou aprobar o proxecto de obra “Renovación de servizos e pavimentos na Avda. das Pías (Estrada FE-14) Fase 2 (marxe dereita)” asinado polo enxeñeiro Miguel Nieto Matamoros de novembro de 2015 (RXE nº 12439 de 04.12.2015).

Logo de detectar un erro no importe do apartado “3.2 .OBRA CIVIL COMPLEMENTARIA” do presuposto parcial “3.REDE DE ABASTECIMIENTO”, ao figurar un importe de 93.117,80 € cando o importe correcto sería 30.921,65 €.

Visto o que antecede, propoño ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte ACORDO:

Aprobar o proxecto de obra rectificadado de “Renovación de servizos e pavimentos na Avda. das Pías (Estrada FE-14) Fase 2 (marxe dereita)” achegado pola redacción do proxecto o 02.02.2016 (RXE nº 946).

Fene, 3 de febreiro do 2016
O alcalde
Juventino José Trigo Rey”

Sometido o asunto a votación foi aprobado pola unanimidade dos concelleiros.

Á vista do resultado da votación, o Pleno acorda:

Aprobar o proxecto de obra rectificadado de “Renovación de servizos e pavimentos na Avda. das Pías (Estrada FE-14) Fase 2 (marxe dereita)” achegado pola redacción do proxecto o 02.02.2016 (RXE nº 946).”

Finalizado a orde do día o alcalde levanta a sesión ás 09.06 h, de todo o que como secretaria dou fe.



Dilixencia: acta aprobada en sesión do 03.03.2016

O alcalde

A secretaria

Juventino José Trigo Rey

Estefanía Manteiga Lamas

C.I.F.: P-1503600-G